

Requisitos de comunicación asociados aos Fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241.

I. Responsabilidade das persoas beneficiarias.

II. Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión Europea e referencia ao Fondo.

III. Utilización dos logotipos.

IV. Modelo de documento xurídico.

V. Modelos de carteis.

I. Responsabilidade das persoas beneficiarias

As responsabilidades que as persoas beneficiarias deben cumprir en materia de información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos están identificadas **no artigo 34 do regulamento (UE) nº. 2021/241, relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, sobre o financiamento da Unión Europea das medidas incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia**. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións:

1. En todas as medidas de información e comunicación e nas medidas para aumentar a visibilidade débese recoñecer o apoio dos Fondos á operación mostrando:

a) O **emblema** da Unión e referencia á **Unión Europea**

b) Referencia ao financiamento da Unión Europea que da apoio á operación que se completará coa referencia:

“financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU”

Aparecerá sempre sen abreviar e debaixo ou a lado do emblema. Non se utilizará a cursiva, o subliñado nin outros efectos.

c) As actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción (incluídas as relacións cos medios de comunicación, as conferencias, os seminarios, o material informativo como folletos, prospectos, carteis, presentacións, etc.) e as actividades de difusión deberán recoñecer o apoio á Unión Europea e mostrar a bandeira europea (emblema) e a declaración do financiamento.

2. O **material audiovisual** que se realice deberá incluír os logos ao principio e na parte do financiamento.

3. Toda a información deberá aparecer tamén na **carátula do disco DVD/CD**, no seu interior, así como no propio **anuncio** ou **película** e/ou na **web de promoción**.

4. Nas actuacións **por obras** colocarase, polo menos, un cartel temporal (valla de obra) de un tamaño proporcional a la cuantía de la financiación, no que se mencionará a axuda financeira da Unión Europea, nun lugar ben visible para o público, por exemplo a entrada dun edificio. Ao finalizar a obra colocarase un cartel ou placa permanente.

II. Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo

Regulamento (UE) Nº 821/2014 da Comisión, de 28 de xullo de 2014, artigo 4

A utilización do emblema da Unión Europea, e a referencia ao fondo que proporciona financiamento, realizarase atendendo ás seguintes características recollidas no **Regulamento (UE) Nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, artigo 4 e no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento da Unión Europea das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**. En particular establece que:

O **emblema** da Unión deberá figurar **en cor** nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible

1. O emblema será sempre **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento utilizados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.

2. Cando o **emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo** se presente nun sitio web serán **visibles ao chegar ao devandito sitio web**, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.

3. O nome «**Unión Europea**»:

a) sempre aparecerá **sen abreviar**.

b) O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu.

c) **Non se utilizará a cursiva, o subliñado nin outros efectos**.

d) O corpo do tipo (de letra) utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de modo que non interfira.

e) **A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto**.

4. Se se exhiben **outros logotipos** ademais do emblema da Unión, este terá **como mínimo o mesmo tamaño**, medido en altura ou anchura, que o maior dos demais logotipos.

III. Utilización dos logotipos

Entre os requisitos de comunicación contemplados no novo período de programación de Fondos Europeos 2014-2020 indícase que en todas as medidas de información e comunicación e nas medidas para aumentar a visibilidade débese recoñecer o apoio dos Fondos á operación mostrando:

- a) O emblema da Unión e referencia á Unión Europea
- b) Referencia ao Fondo NextGenerationEU

Esta referencia ao Fondo completárase coa referencia “financiado por la Unión Europea-NextGeneration” sen abreviar.

- c) Incluírse, sempre que sexa posible, o lema elixido para cada fondo para resaltar o valor engadido do mesmo e da Unión Europea.

Polo tanto, o **único logotipo válido** de cara ao novo período de programación é o formado polo **emblema** da unión e a **referencia á Unión Europea** situado debaixo ou a lado do mesmo.



Así mesmo, xunto co anteriormente sinalado e seguindo coa identidade visual, deberase mostrar tamén o logotipo oficial do “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia” co seu nome enteiro e/ou as siglas (emblema máis texto). Este debe ser do mesmo tamaño co emblema da Unión Europea e debe ir separado do mesmo.



Para o caso das actuacións desenvoltas no ámbito cultural será preceptivo tamén o uso do logotipo do Ministerio como entidade decisoria dos fondos.



Asi mesmo deberan ir acompañados dos logos da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2021-22






IV. Modelo de documento xurídico

Para o adecuado cumprimento do previsto no artigo 10 do Acordo de Financiamento, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuada que diga (traducida as linguas locais cando proceda) “financiado por la Unión europea – NextGenerationEU” xunto ao logo do PRTR.

Do mesmo modo, todas as convocatorias, licitacións, convenios e o resto de instrumentos xurídicos, que de desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia – Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU”.

V. Modelos de carteis

O modelo de cartel a utilizar cando o apoio financeiro ás operacións se preste con cargo aos fondos de NextGenerationUE e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

 XUNTA DE GALICIA	 Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU	 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EMPLEO, SOCIALES Y FAMILIA	 Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
<p>Título da operación. Alíñase automáticamente ao centro. Pode axustarse o tamaño de letra según se estime necesario.</p>			
 Xacobeo 21·22			